

prevención de riscos no manexo de grandes máquinas agropecuarias

RUTINA DE ENGANCHE



COMPROBACIÓN PREVIA

- 1 Que o apeiro estea ben asentado
- 2 Asegúrate de que o cabezal da toma de forza (TDF) é adecuado ao réxime de xiro do apeiro
- 3 Comproba que as pezas de ensamblaxe estean en bo estado, limpas, engraxadas e coas proteccións necesarias
- 4 Que levas roupa axustada, a chaqueta abotoada e o pelo recollido

APROXIMACIÓN

- 5 Asegúrate de que non hai ninguén entre o tractor e o apeiro
- 6 No enganche aos tres puntos, toma como referencia o terceiro punto de enganche do sistema hidráulico
- 7 No enganche á barra de tiro, centra o sistema de enganche do tractor co apeiro
- 8 Axusta a altura dos puntos de fixación previstos para o enganche

ENSAMBLAXE

- 9 Se precisas de axudante, non o perdas de vista, apaga a radio e atende as súas indicacións
- 10 Se non entendes as instrucións, baixa do tractor, comproba a manobra e coordínate co axudante
- 11 Para corrixir distancias curtas acciona o hidráulico. En todo caso, usa o embrague e o acelerador con extrema suavidade
- 12 Antes de baixar do tractor para colocar os bulóns de enganche e a xunta cardán, sigue a rutina de parada

COMPROBACIÓN POSTERIOR

- 13 Se tiveches que retirar o escudo protector da TDF, volve colocalo correctamente
- 14 Antes de arrancar comproba que o selector da TDF está nas revolucións correspondentes ao apeiro enganchado
- 15 Move arriba e abaixo o apeiro para ver se a fixación do apeiro foi adecuada



COOPERA NA TÚA SEGURIDADE

